



# ORIENTACIÓN

PROBA ZONAL DEPORTE ESCOLAR

CAMPAMENTO VIRXE DO LORETO | PORTO DO SON



ORGANIZA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

COLABORAN



MÉRCORES | 24 NOVEMBRO | 2021

### 1. INFORMACIÓN DE ESPECIAL INTERÉS

Non é necesario sinalar a especial situación na que nos atopamos. Estas circunstancias, como non podía ser doutro xeito, tamén condicionan o noso ámbito: a práctica deportiva.

Así a todo, comézanse a ver os primeiros pasos para retornar á nosa vida anterior. Un destes primeiros pasos é a proposta por retornar as dinámicas XOGADE e á competición escolar. Dentro dese marco, a orientación parece unha opción interesante: participación individual (aínda que despois, xa sabemos o que pasa...), probas exteriores, no medio natural, escalonamento de participantes,.. Todas estas características parecen apoiar a opción da orientación, dentro da situación COVID, como unha práctica “segura”.

Pero, non podemos, baixo ningún aspecto, botar por terra os inmensos esforzos que se fixeron e se están facendo nos centros para controlar a pandemia. Sabemos que os centros educativos son entornos sensibles de contaxio. O éxito acadado durante o pasado curso no que se refire ao control dos casos non pode máis que respaldar as actuacións levadas a cabo a través dos protocolos deseñados e implementados en cada centro. A nosa federación deportiva, tamén moi sensibilizada co benestar dos seus deportistas, súmase a este xeito de actuar, a través da aplicación dun estricto protocolo de actuación ao que as organizacións de eventos debemos ceñirnos.

Nesta primeira toma de contacto con vos, centros participantes, queremos compartir as directrices que consideramos imprescindibles para asegurarnos unha participación segura. Algunhas das medidas extrañense das normas propias do protocolo da federación. Outras, derivan das particulares características do espazo de competición no que se vai desenvolver a proba.

Recomendámosvos encarecidamente que leades con atención as seguintes liñas, para que vos fagades unha idea das limitacións que imos ter que afrontar na organización deste evento. A vos, como responsables últimos dos nenos e nenas, tócvos unha labor intensa e firme no control, non fácil nin cómodo, da participación do voso alumnado.

Animámosvos tamén a realizar as preguntas que vos xurdan despois da lectura deste boletín. Mediante elas, seguro que aclaramos moito mellor as dúbidas que de seguro aparecen.

### 2. PUNTOS CLAVE DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

A idea xeral que empapa todo o protocolo de actuación resúmese na filosofía de CHEGAR-CORRER-MARCHAR mediante a cal, se tenta reducir ao máximo os contactos entre os participantes.

Nese sentido, podemos definir os seguintes puntos:

- Control de **temperatura dobre**. Antes da saída do centro e previamente á subida ao autobús, os profesores deberán realizar un control de temperatura a tod@s participantes. De detectarse algunha anomalía (temperatura maior de 37,5º) esa persoa non pode viaxar á proba. Unha vez

chedados á zona de competición e no momento de iniciar a participación na proba, cada alumno/a será sometido a outro control de temperatura (minuto -5 aproximadamente). Si algún/ha dos/das participantes dera positivo nese test de temperatura, non poderá participar na proba e deberá agardar no autobús do centro, tomando as medidas de seguridade que os seus responsables determinen. Baixo ningunha circunstancia se pode mesturar co resto de participantes na proba.

- O uso da **máscara**, durante toda a competición **E OBRIGATORIO**.
- Procederáse a unha exhaustiva **limpeza de mans e do material deportivo** (Pcards) antes e despois da carreira. Para ese fin, varios membros da organización dispensarán xel hidroalcohólico @s participantes e máis ao seu material.
- Ao finalizar a proba, a organización entregará unha máscara limpa aos/ás participantes. Deberán colocala correctamente e permanecer con ela posta.
- **Recolleranse os mapas** utilizados na proba e depositaranse nun contenedor de refugallo. Despois da proba, a organización facilitaralle ao profesorado un enlace para poder descargalo.
- Non se habilitarán **baños/servizos** na proba.
- Non se dispón de **avituallamentos**.
- Non se celebrará **entrega de trofeos**.
- Se non chove, habilitarase un espazo para cada un dos centros participantes nas inmediacións da zona de competición, nun merendeiro amplo e ao aire libre. Nese espazo, que funcionará como

**multi espazos burbulla** (non mesturarse membros de diferentes centros) desenvolveranse os quecementos previos á proba.

- **Se chove**, cada un dos centros participantes deberá permanecer dentro do autobús ata que sexan avisados para facer as saídas. Neste sentido, e nesas circunstancias, intentaríamos escalar a chegada de centros para evitar tempos de espera (asignándolle unha hora diferente a cada centro educativo).
- Si as condicións climatolóxicas son moi adversas (choiva forte), a proba cancelaríase.
- Non se poden realizar **reclamacións** in situ. Posteriormente, a través do correo electrónico, pódense facer alegacións puntuais a aspectos relacionados coa competición ou cos resultados.
- Despois de que o último participante de cada centro chegue a meta, e seguindo a filosofía de **Chegar – Correr – Marchar**, iniciaríase o regreso á localidade de orixe. Non se permite a permanencia do IES na zona de competición máis aló do necesario.
- En función do número de participantes, poderíase establecer un número máximo de inscricións por centro escolar.